

## MEDIDAS XERAIS DO PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS COVID-19 EN PROCESOS SELECTIVOS DO SERGAS (actualizadas a 03/09/2021)

### RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS NA ORGANIZACIÓN.

Toda a información sobre a organización dos exames estará publicada a partir do 3 de setembro na páxina web do Sergas, tales como:

- **Listados de distribución de aspirantes por porta.**
  - NON se poderán consultar no lugar de celebración dos exames
- **Organización e identificación de espazos** do lugar de realización das probas.
- **Itinerarios e medidas de acceso** dos/das aspirantes ao lugar da realización das probas.

Para atender as consultas, dúbidas ou incidencias que poidan xurdir ao longo dos procesos.

- Enderezo electrónico: [oposicions@sergas.es](mailto:oposicions@sergas.es)
- Teléfono: 881-542817/548659

### RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PREVENTIVAS PARA AS PERSOAS ASPIRANTES NOS PROCESOS SELECTIVOS.

Consultar na páxina web do Servizo Galego de Saúde a información relativa á proba selectiva que corresponda.

Respectar os horarios de presenza no lugar das probas que lle foron asignados a cada aspirante.

Cada aspirante terá á súa disposición na Oficina Virtual do Profesional (FIDES/expedient-e) a partir do 2 de setembro, a **acreditación persoal con código QR**, que deberá levar IMPRESA o día do exame.

As persoas acompañantes **non poderán entrar no recinto** onde se celebren as probas, salvo que resulte imprescindible.

Unha vez **no interior do Recinto feiral de Silleda**:

- O/a aspirante dirixirse directamente á entrada da porta asignada, á hora que lle foi indicada (non antes).
- Evitarase o saúdo con contacto físico a outros/as aspirantes e a formación de grupos.

**Hixiene de mans** antes e despois de entrar ao recinto.

**Distancia interpersonal:**

- No exterior do pavillón: 1,5 metros
- No interior do pavillón: 2 metros

**Acceso aos pavillóns:**

- NON se efectuará o chamamento individualizado dos/das aspirantes: o acceso será na hora asignada, por orde de chegada.
- Será imprescindible ter a man o **código QR impreso e o documento de identidade** (D.I., pasaporte, NIE ou carné de conducir).

# CIG-SAÚDEinforma

- **Uso de máscara obrigatorio.** Se por causa médica xustificada non puidera facer uso da máscara deberá notificalo e xustificalo con DEZ días hábiles de antelación á data de celebración dos exames en [oposicions@sergas.es](mailto:oposicions@sergas.es)
  - o Á entrada farán entrega de 3 máscaras cirúrxicas a cada aspirante.
  - o A organización antes do inicio das probas indicará que se proceda ao cambio da máscara cirúrxica por unha nova, e a partir de aí, cada 4 horas, cambiarase a máscara por outra nova.
- Asistir á realización da proba co **material mínimo indispensable.**
  - o As pertenzas persoais situaranse no chan.
  - o Non se poderán compartir bolígrafos ou outro material de escritura.

## Durante a celebración do exame:

- Cada posto de exame (mesa) estará numerado.
- Situar na **parte superior dereita da mesa** o seu documento de identidade e o código QR:
  - o Estarán á vista durante todo o exame.
  - o O código QR deberá conservarse ata o remate das probas.
- Non está permitido o uso de luvas.

## Saída logo da realización do exame:

- o Dirixirse á mesa de control correspondente á porta pola que accedeu.
- o Entregar a folla de respostas e a folla de acreditación con código QR ao persoal colaborador.
- o Os/as aspirantes deberán abandonar as instalacións o máis axiña posible.

O **certificado de asistencia ao exame**, estará a disposición no FIDES de todas as persoas aspirantes a partir do día seguinte ao de realización dos exercicios.

## ADAPTACIÓNS POR ESPECIAL VULNERABILIDADE FRONTE A COVID-19: OBRIGA DE COMUNICACIÓN.

1º Os/as aspirantes inmunodeprimidos.

2º As aspirantes embarazadas,

3º Os/as aspirantes que acrediten a imposibilidade de uso de máscaras,

4º Os/as aspirantes que por razóns médicas deban inxerir alimento,

5º Os/as aspirantes que presenten calquera outra circunstancia que supoña especial vulnerabilidade

Deberán notificalo e xustificalo con **DEZ días hábiles de antelación** á data de celebración dos exames en [oposicions@sergas.es](mailto:oposicions@sergas.es)

Así mesmo, as aspirantes que requiran facer uso da lactación materna durante a realización dos exercicios deberán notificalo e xustificalo nos termos descritos no parágrafo anterior.

**Para máis información dirixete as/os delegadas/os de CIG-Saúde no teu centro**

**Moita sorte a todas e todos!**